

VI. ANUNCIOS

B) ADMINISTRACIÓN LOCAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANUNCIO da convocatoria e bases específicas dos procesos selectivos para o ingreso como persoal funcionario/a de carreira, en prazas incluídas na oferta de emprego público dos anos 2023 e 2024.

No *Boletín Oficial* da provincia (BOP) de Lugo núm. 198, do 29 de agosto de 2025, publícase a convocatoria e bases específicas, que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira, na Deputación Provincial de Lugo, incluídas na oferta de emprego público dos anos 2023 e 2024, que a seguir se sinalan:

– Oito prazas de psicólogo/a, do cadro de persoal funcionario, pertencentes á escala de Administración especial, subescala técnica, clase técnicos/as superiores, grupo A, subgrupo A1, mediante o sistema de concurso-oposición, cota xeral, acceso libre.

– Dúas prazas de veterinario/a, do cadro de persoal funcionario, pertencentes á escala de Administración especial, subescala técnica, clase técnicos/as superiores, grupo A, subgrupo A1, mediante o sistema de concurso-oposición, cota xeral, acceso libre.

O prazo de presentación de solicitudes será vinte (20) días naturais contados desde o seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e bases no *Boletín Oficial del Estado* (BOE).

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no BOP de Lugo, no taboleiro de edictos desta entidade e na páxina web da Deputación Provincial.

Lugo, 2 de setembro de 2025

O presidente da Deputación Provincial de Lugo

P.D. (Decreto do 25.6.2025)

Pablo Rivera Capón

Deputado provincial de Lugo

O presente documento estará
exposto no Taboleiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 26-09-2025
ata a día 27-10-2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

CVE-DOG: r5ztpdp0-ung1-1nw7-kw56-rs1hecxxckt4



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 <https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>